

CICLO "ENTRE... E A ARTE"

Entre o Pensamento e a Arte

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Martes, 28 de novembro de 2017



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Este ciclo analiza a relación da arte con outros campos de coñecemento, pero non ao estilo tradicional, tendo como emisor a arte, senón á inversa: interézanos saber como se achegan e ven a arte e a creación desde pensamentos máis ou menos estruturados. Destacados especialistas contarán o seu modo de achegarse á arte, colaborando con artistas ou realizando propostas de claro compoñente creativo. A dirección dos relatos non é desde, senón cara á arte, de xeito que é posible percibir distintas metodoloxías de achegamento e, posiblemente, análises e xuízos ben distintos. Non se trata dun intercambio de posición entre artistas e axentes implicados na arte, senón dunha recepción desde a arte dos criterios e maneiras de enfocar que teñen pensamentos alleos á xeración de obra artística.

Nesta primeira sesión, *Entre o pensamento e a arte*, reunimos tipos de pensamentos filosóficos ou intelectuais que tratan sobre a arte, pero que non son exclusivamente estéticos senón máis globais. Formulámoslles como punto de partida a idea de tradución: dunha lingua a outra, dunha imaxe visual a un relato, dunha proposta literaria a unha obra visual, ou a análise do propio sentido da tradución.

Un tradutor que sabe e controla a súa propia tradución, a súa profesión; un creador literario con demostradas capacidades reflexivas e expositivas ou un teórico especializado na para-tradución deben expoñer enfoques complementarios e suscitar debates. Ao fin e ao cabo, podemos pensar o artista como un suxeito tradutor, doador de sentido, que como executante da tradución nunca é inocente, porque a tradución nunca o é. Ou a lectura como unha nova escrita e unha nova interpretación... O relato está sempre aberto.

Imaxe: Manuel Quintana Martelo

PROGRAMA

Sesión da mañá

10:00 horas
Presentación

10:30 horas
Arte para-traducir. Para-traducir arte
José Yuste, investigador principal do grupo de investigación Traducción & Paratraducción (T&P) da Universidade de Vigo

11:30 horas
Pausa

12:00 horas
O ollo oínte
Tom Skipp, videoartista e tradutor, director de estrellasonora.com

Sesión da tarde

17:00 horas
A arte, na estela do pensamento
José Jiménez, catedrático de Estética e Teoría das Artes na Universidad Autónoma de Madrid. Filósofo, escritor, crítico e comisario de exposicións de arte

18:00 horas
Coloquio
Modera: Asunta Rodríguez
José Yuste
Tom Skipp
José Jiménez

ORGANIZA

Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas (CCG)

COORDINA

Miguel Fernández-Cid

Jesús Pastor Bravo

Asunta Rodríguez

LUGAR

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75 % das sesións.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>



**CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA**